



Información sobre a parte B das probas de acceso a 1º Curso de Grao Profesional

O exercicio para avaliar a capacidade auditiva e os coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical, parte B da proba de acceso a 1º curso de grao profesional, constará de catro apartados: lectura rítmica, entoación, coñecementos teóricos e capacidade auditiva.

Os exercicios de lectura rítmica e entoación serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. As persoas aspirantes terán uns minutos para a preparación dos mesmos. Durante ese tempo non poderán empregar axuda de ningún tipo, unicamente se permitirá o uso do diapasón.

Os exercicios para avaliar os coñecementos teóricos e a capacidade auditiva terán carácter escrito e poderanse realizar en grupos. Ao comezo dos mesmos indicárase o tempo máximo para a súa realización. As persoas aspirantes deberán asistir a estas probas provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permitirase o uso do diapasón para a realización do ditado rítmico-melódico.

1. Lectura rítmica

Consistirá na repentización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, empregando as figuracións rítmicas reflectidas nos contidos da proba.

2. Entoación

Deberase entoar a primeira vista unha melodía en clave de Sol e sen texto que poderá estar acompañada de piano pero sen dobrar a melodía. O exercicio estará nunha tonalidade de ata 4 alteracións, con posibilidade de modulación ao tono veciño ou homónimo e poderá empregar as escalas diatónicas maiores ou menores, pentatónica, hexátónica ou cromática.

O tribunal poderá dar algún son de referencia en caso de que a persoa aspirante perda a referencia tonal durante a súa realización.



3. Coñecementos teóricos

Terá carácter escrito e consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba constará de diferentes exercicios onde as persoas aspirantes deberán identificar ou construír intervalos en número e especie e a súa inversión, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, tonalidades, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadenzas. Tamén poderá conter exercicios de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriormente indicados coma a súa forma, análise harmónico e identificación das notas estranas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Capacidade auditiva

Tamén terá carácter escrito e incluírá dúas partes: a primeira constará dunha serie de exercicios de recoñecemento auditivo de compases, modalidades, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas e cadenzas.

A segunda parte consistirá na realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesorado encargado da proba tocará o La de referencia (440 Hz), o esquema harmónico I-IV-V-I da tonalidade do ditado e o seu pulso. A continuación interpretará o exercicio enteiro para facilitar a dedución do compás e logo por fragmentos (4 veces cada un). Entre fragmento e fragmento tocarase os enlaces e finalmente poderase escoitar o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.



- **Contidos**

As probas incluirán os contidos establecidos para os diferentes cursos de grao elemental nas materias de Linguaxe Musical e de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de ditas materias, dispoñibles na web do centro.

- **Criterios de avaliación**

- Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, neste caso as correspondentes ao grao elemental de música, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves de sol e fa en 4 linea.
- Manter o pulso durante períodos de silencio.
- Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.
- Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidas polo debuxo rítmico.
- Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito os ditados de dificultade acorde ao nivel.
- Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.
- Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.



Criterios de cualificación e corrección

A cualificación final da parte B da proba de acceso será a media aritmética ponderada segundo se indica de seguido. O resultado final expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10, considerando positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.

- **30% Lectura rítmica.** Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias e a fluidez na lectura en clave de sol e de fa.
- **30% Entoación.** Valorarase tanto a corrección na entoación e afinación no que respecta ao sentido ascendente ou descendente da melodía e a sucesión de sons iguais, dos arpejos e interválica, do modo maior ou menor e das escalas empregadas, coma tamén ao mantemento do pulso, á precisión rítmica e á fluidez da interpretación.
- **20% Desenvolvemento auditivo.** O valor de cada exercicio estará indicado no seu enunciado. No caso de que unha tarefa teña varios apartados o valor da mesma repartirase de xeito que todos teñan o mesmo valor, salvo que se indique o contrario. Valorarase a corrección na identificación dos diferentes elementos rítmicos e intervalos, así coma a discriminación das diferentes tonalidades, arpejos, escalas empregadas, modulacións, se as houbera, e demais contidos relacionados.
- **20% Teoría.** O valor de cada pregunta ou exercicio indicárase no seu enunciado. No caso de que unha tarefa teña varios apartados o valor da mesma repartirase de xeito que todos teñan o mesmo valor, salvo que se indique o contrario. Valorarase o coñecemento dos diferentes conceptos e elementos rítmicos, melódicos, harmónicos, de agónica, matiz, expresión ou carácter que interveñen na escritura, lectura e práctica musical, así coma o dominio da escritura musical na resolución das diferentes tarefas e exercicios propostos.

A puntuación outorgada en cada exercicio ou parte será a que corresponda segundo o grao de corrección da execución ou resposta da persoa aspirante, en aplicación dos criterios de cualificación anteriormente indicados.

- Rúbrica de valoración para os exercicios de lectura rítmica e entoación

Lectura rítmica: fluidez e corrección rítmica	Non é capaz de ler o exercicio 0 PUNTOS	Lee o exercicio sen fluidez: con dúbidas, erros e paradas ou repeticións constantes A pulsación é moi irregular 0,3 PUNTOS	Lee con pouca fluidez: con dúbidas, erros e paradas ou repeticións constantes A pulsación é estable 0,6 PUNTOS	Lee con fluidez a maior parte do exercicio: con algún erro e/ou parada puntual A pulsación e/ou a velocidade non é estable ou correcta 0,9 PUNTOS	Lee con fluidez: con algunha dúbida ou parada puntual pero con corrección rítmica A pulsación é estable e a velocidade correcta 1,2 PUNTOS	Lee con total fluidez e corrección rítmica A pulsación é estable e a velocidade correcta 1,5 PUNTOS
Lectura rítmica: corrección nas notas	Non domina en absoluto a lectura de notas en ningunha das claves Non é capaz de realizar o exercicio 0 PUNTOS	Domina deficientemente a lectura das notas nas diferentes claves Erros continuos no exercicio 0,3 PUNTOS	Domina a lectura, aínda que só nunha das claves e con certa dificultade Numerosos erros, sobre todo nalgunha clave 0,6 PUNTOS	Domina a lectura en todas as claves, aínda que con certa dificultade nalgunha delas Algúns erros, sobre todo nalgunha clave 0,9 PUNTOS	Domina a lectura en todas as claves Algún erro puntual no exercicio 1,2 PUNTOS	Domina a lectura en todas as claves Non se aprecian erros no exercicio 1,5 PUNTOS
Lectura entoada: fluidez da interpretación	Non é capaz de realizar o exercicio 0 PUNTOS	Realiza o exercicio sen fluidez: con dúbidas e constantes paradas ou repeticións Aprécianse moitos erros no ritmo ou pulsación 0,3 PUNTOS	Realiza o exercicio con pouca fluidez: con dúbidas e numerosas paradas ou repeticións Aprécianse erros no ritmo ou pulsación 0,6 PUNTOS	Lee con fluidez a maior parte do exercicio: con algunha dúbida, parada ou repetición puntual Aprécianse erros no ritmo ou pulsación 0,9 PUNTOS	Lee con fluidez a maior parte do exercicio: con algunha dúbida ou parada puntual Non se aprecian erros no ritmo ou pulsación 1,2 PUNTOS	Lee con total fluidez e seguridade o exercicio Non se aprecian erros no ritmo ou pulsación 1,5 PUNTOS
Lectura entoada: corrección na afinación	Non é capaz de entoar o exercicio ou faino sen seguir a liña melódica 0 PUNTOS	Entoa con moita dificultade: segue a liña melódica con moita dificultade e sen ter en conta as escalas e modos indicados Aprécianse erros continuos na afinación dos intervalos e alteracións 0,3 PUNTOS	Entoa con dificultade: segue a liña melódica pero con falta de precisión na afinación das escalas e modos indicados Aprécianse numerosos erros na afinación dos intervalos e alteracións 0,6 PUNTOS	Entoa con corrección: é capaz de seguir a liña melódica e entoar as escalas e modos e indicados Aprécianse numerosos erros na afinación dos intervalos e alteracións 0,9 PUNTOS	Entoa con corrección: é capaz de seguir a liña melódica e entoar as escalas e modos e indicados Apréciase algún erro puntual na afinación de algún intervalo e/ou alteración 1,2 PUNTOS	Entoa con total corrección o exercicio Non se aprecian erros na execución do mesmo 1,5 PUNTOS
Observacións						TOTAL